


No mes de marzo nace "MARTES CON ARTE" na Biblioteca de Rabi, no CEIP P. CHANCELAS. O primeiro paso deste proxecto foi ir trala procura de talentos polo noso cole. Esta actividade ten como propósito fomentar a capacidade de apreciación das principais manifestacións artísticas:

a música, a poesía, o canto, a plástica, a danza, o teatro, etc.

Preténdese desenvolver as posibilidades de expresión oral, escrita, musical, corporal, plástica... no que o alumnado ten a oportunidade de expresar e amosar hobbies, afeccións e experiencias. Lévese a cabo todos os martes na hora do recreo. É totalmente voluntario, tanto para artistas como para espectadores. De momento TODO UN ÉXITO!



UNHA BIBLIOTECA TAMÉN PARA "EXPRESAR" E "COMPARTIR" MARTES CON ARTE e FAMILIARÍZATE NA BIBLIOTECA



"Familiarízate na Biblioteca" é un proxecto que promove a presenza das familias na biblioteca escolar no horario de tarde mediante a organización de obradoiros diversos e contadas, sempre a cargo de nais, pais, avoas... voluntarias.

As primeiras experiencias foron moi satisfactorias (obradoiros de manualidades, maquillaxe, narración oral...)

Bibliotecas
escolares
de Galicia

CEIP P. CHANCELAS
A BIBLIOTECA DE RABI

